

Os socialistas acusan ao PP de ter dilapidado 1 millón de euros para soste “a mentira da reorganización do Porto de Foz”

José Ramón Val compareceu hoxe na Comisión de Pesca do Parlamento galego, onde subliñou que o que pretende a Xunta de Galicia é “prolongar o engano ata as próximas eleccións municipais sen comezar o proxecto”

Explicou que a reordenación do espazo portuario foi presentada hai tres anos polo Partido Popular como proxecto estrela, cunha serie de propostas para chamar a atención dos veciños e veciñas, pero que, a día de hoxe, “segue sen terse encetado, polo que podemos ver que, do que plantexaron, nada de nada”

Denuncia que o Goberno de Feijóo contratase “un estudo estéril” para poñer 500 novos amarres a través dun mecanismo de estacas para conter a area, que custou 70.000 euros, cando era unha “utopía imposible de realizar”. Ademais, o Executivo “despilfarrou” outros 380.000 euros nun dragado de urxencia das canles de acceso que non serviu máis que para desfacer unha zona pública e danar as vías de saída do porto

SANTIAGO , 5 DE MARZO.- O deputado autonómico –José Ramón Val Alonso- acusou este mércores ao Partido Popular de ter dilapidado 1 millón de euros para soste “a mentira da reorganización do Porto de Foz”. Neste senso, o socialista que, compareceu hoxe na Comisión de Pesca do Parlamento galego, subliñou que o que pretende facer o Executivo galego é “prolongar o engano ata as próximas eleccións municipais sen comezar o proxecto”.

O deputado socialista da Mariña sinalou que o denominado como Plan Especial, anunciado polo Goberno, supón “unha nova volta de torca” para “teimar en tentar de facer ver unha mentira”. Por este motivo, esixiulle á Xunta de Galicia que “deixe de enganar aos veciños e de dilapidar os fondos de tódolos galegos e galegas para persistir nesta mentira, coa que unicamente buscan beneficio político”.

Deste xeito, José Ramón Val denunciou que “o Goberno galego despilfarrase un millón de euros para non solventar ningún dos problemas reais do porto”; motivo polo que reclamou que “en lugar de andar enredando, ó que deberan de facer é atender ás necesidades dos usuarios”. Neste senso, puxo como exemplo a dársena norte, que ten dous pantaláns “sen os servizos básicos de luz e auga”.

Asimesmo, criticou que o proxecto de reordenación do espazo portuario fose presentado hai tres anos polo Partido Popular como proxecto estrela, cunha serie de propostas para chamar a atención dos veciños e veciñas, e que, a día de hoxe, “continúe sen terse encetado, polo que podemos ver que, do que plantexaron, nada de nada”, afirmou.

“Actuacións estériles”

No transcurso da intervención, denunciou que o Goberno galego contratase “un estudo estéril” para poñer 500 novos amarres, a través dun mecanismo de estacas para conter a area, e que custou 70.000 euros, cando era unha “utopía imposible de realizar”. Ademais, considera que o Executivo autonómico “despilfarrou” outros 380.000 euros nun dragado de urxencia das canles de acceso que non serviu máis que para desfacer unha zona pública e danar as vías de saída do porto.

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Este dispendio, engadiu Val, foi “invalidado por vostedes mesmos cando dez meses despois contrataron un novo dragado por outros 400.000 euros que tivo practicamente o mesmo resultado que o anterior”, ademais de outras actuacións como a pasarela da dársena sur que “non era unha prioridade nin unha demanda dos veciños e veciñas”.